

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2024/G005/000054.

Excma. Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no Salón de Comisiones) o vindeiro **xoves día 2 de xaneiro de 2025, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

1. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE PARA AS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE LUGO. EXPTE.REF 2021-C004-000032. PRÓRROGA DENDE O 4 DE FEBREIRO DE 2025 ATA O 3 DE FEBREIRO DE 2026.

FACENDA LOCAL

2. REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA EXP. DENEGACIÓN LICENZA URBANÍSTICA PARA A REFORMA E AMPLIACIÓN DE EDIFICACIÓN EXISTENTE EN RISCO, PARROQUIA DE TEIXEIRO.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ

3. CONVALIDACIÓN DO GASTO RELATIVO Á IMPARTICIÓN DE OBRADOIRO PARA AS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS: DESENVOLVEMENTO DE OBRADOIRO DE

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac3727076475028262104.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 2-1-2025

ENCAIXE DE BOLILLOS DIRIXIDO Á ASOCIACIÓN CAL BRAVA.

ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

CULTURA

4. APROBACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN PARA A CABALGATA DE REIS 2025.

MOCIÓN, COMUNICACIÓN E PROPOSICIÓN

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión á Secretaría Xeral do Pleno, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,